

dl og 81-2013

n° 20

## Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é a Pobreza?	Redacción.	4
As cousas do alcaldismo	O cronista	6
A saúde da Ría	Serxio Regueira	7
Que é o TTPI?	Grupo de Axitación Social	8
Viñeta	Quemenarras	10
Reflexións en novembro	Juan Pablo Forti	11
Contra a globalización alimentaria	Utopía Foro	12
Os SPQ: Sistemas de Participativos de Garantía	Anxeles Bouzó Fernández	14
Berra, berra mariñeiro	Subcamandante Chipirona e a Camarada Laminaria	15
Almanaque	Redacción	
Portada	Ines Casarejos	

0.50€ n°20

Novembro-2014  
**COLABORA  
CONOSCO!**

aboia.info

[revistaaboa@gmail.com](mailto:revistaaboa@gmail.com)

Tirada do número anterior:  
181 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

### **Locais de distribución:**

Café Bizarro (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), CS Bou Eva (Vigo) Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas), Taberna O rincón (Cangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Condómar), O Cafeciño (Ramatllosoa) Casa Colorida (Nigrán), CS Fuscalho (A Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo), CS Lume (Calvario), Galería Jazz (Vigo), Café Bar A Pola (Vigo), Cantina Candelaria (Vigo), Quinta da Carmiña (Vigo), La casa de arriba (Vigo)

**RECÍCLAME!**

# EDITORIAL

**3.500 millóns. Na actualidade, esa é a cifra que define o número de persoas que se atopan no planeta en situación de empobrecemento.**

Hoxe vivimos nun mundo onde as diferencias sociais entre as persoas son cada vez maiores; exemplo claro disto é que as **85 persoas más ricas do mundo posúen tanto patrimonio como eses 3.500 millóns**. E cada día, por desgraza, esa situación aumenta.

O acugulamento de recursos, bens e servizos nunhas poucas mans; a privatización do común; o tratamento dos recursos públicos como unha despensa de onde se nutra o sector financeiro e multinacional; a consolidación de tratados transnacionais (como o TTIP, o TISA ou o TPP) que blindan as actuación das grandes empresas mentres esnaquizan os dereitos das persoas e a natureza; a actuación da clase política como representantes e membros das grandes empresas para facilitar os seus beneficios; ou o emprego das forzas de represión do estado como se fora a seguridade privada de todo ese entramado; son só algunas das causas de que no planeta haxa 842 millóns de persoas sen suficiente alimento para cubrir as súas necesidades básicas, de que máis de 1.000 millóns de persoas non teñan acceso a auga potable ou que 2.400 millóns de persoas non sexan quen

de acceder a unha sanidade satisfactoria.

O capitalismo actúa como unha apisoadora que achaia o camiño das grandes corporacións pasando porriba de todo aquilo que atopa ao seu paso. O neoliberalismo e a globalización son un novo xeito de colonialismo onde os pobos, as persoas e o medioambiente son tratadas como mercadoría para colmar un imposible (e insaciable!) necesidade de crecemento continuo. Xérase así un escenario global onde os recursos, bens e servizos dos pobos e as persoas son usurpados pola forza, directa (paramilitares, guerra, forzas de represión,...) ou indirectamente (acordos transnacionais contra a vontade da poboación, cambio do marco legal,...) por grandes entramados corporativos.

**Hoxe pois abandonamos a distinción entre "pobres" e "ricos"** (que responsabiliza á persoas sen recursos da súa pobreza, como se dependera da vagancia ou de problemas intrínsecos) e falamos de "empobrecidos" e "enriquecidos", pois a situación de pobreza é provocada por actores externos que adquieren esos recursos, bens e servizos a través do uso da forza.

**DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"**  
**MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR**  
**PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE**

# QUE É A POBREZA?

Redacción.

A Pobreza é a condición socioeconómica dunha poboación que non ten acceso aos recursos para satisfacer as necesidades psíquicas e físicas básicas que permiten un nivel e unha calidade de vida axeitados (vivenda, alimentación, asistencia sanitaria, educación, acceso á auga,...)

elas os "responsables" da súa condición. Falamos pois de persoas empobrecidas e non de persoas pobres.



Foto: Lorena pajares

*"As persoas teñen responsabilidade da súa situación no particular, pero son factores externos a elas os "responsables" da súa condición. Hai persoas empobrecidas e non só persoas pobres."*

Fronte ao concepto pobreza, aparecería o concepto empobrecemento. O empobrecemento entende que ese estado no que as persoas son incapaces de satisfacer as necesidades básicas para ter un nivel e unha calidade de vida axeitados, non se debe tanto a factores relacionados coa persoa mesma senón a factores sociais, políticos e económicos que son os causantes do seu empobrecemento. Así pois enténdese que as persoas teñen responsabilidade da súa situación no particular, pero son factores externos a

CALES SON AS CAUSAS DO EMPOBRECEMENTO?

• **Capitalismo e globalización.** O sistema global actual entende que as empresas son quen marcan as normas polas que se rexen as sociedades e, polo tanto, en último termo, as vidas das persoas. Así pois a mercantilización de todos os recursos, bens e servizos, sumado a unha concepción da vida na que do que se trata é de obter o maior beneficio económico posible (sen atender ás consecuencias que isto causa) fai que a riqueza mundial estea cada vez más concentrada nunhas poucas persoas.

- Menos do 1% da poboación mundial controla máis do 46% da riqueza mundial.
- As 85 persoas máis ricas do mundo posúen o mesmo que as 3.500 millóns de persoas máis pobres.

- 147 empresas controlan más do 40% da economía global.

- **Falta de Educación.** A educación dota ás persoas coas competencias que necesitan para mellorar os seus medios de vida, posibilita a participación na toma de decisións e na equidade e proporciona más alternativas de emprego dentro da forza laboral na vida diaria.

- 876 millóns de persoas son analfabetas (2/3 mulleres)

- En 40 anos, nun país que ofrecera igualdade de oportunidades aumentaría o seu ingreso per cápita un 23%.1

- Se todas as mulleres cursaran 1

+ educación primaria a mortalidade infantil reduciríase en 2/3 (189.000 mulleres salvarían a vida cada ano).

+ educación secundaria a mortalidade infantil reduciríase nun 50% (salvaríanse 3 millóns de vidas ao ano).

- **Desastres naturais.** O consumo desmedido dos recursos naturais, a sobrepoación, a lexilación laxa contra os desmáns contra o medioambiente, a urbanización ou a mala distribución demográfica fan que o territorio sexa máis vulnerable aos desastres da natureza. Esta situación implica un menos acceso aos recursos naturais, alimenticios e á auga, e polo tanto incrementa o nivel de pobreza das persoas que os padecen.

- Máis do 90% das mortes a causa de desastres naturais ocorreron nos países pobres.2

- 325 millóns de persoas empobrecidas en situación extrema vivirán nas zonas máis propensas aos desastres naturais en 2030. 3

- **Guerras e Violencia.** As guerras, invasións e conflitos armados soen implicar a destrucción dos medios produtivos e das infraestruturas, a alteración da economía, o comercio nacional e internacional, aumenta a desocupación, morren e

enferman persoas en idade de traballar, arruínanse recursos naturais, pérdense profesionais porque emigran cara a outros lugares,... E a consecuencia final é a ruptura dos lazos sociais e a ausencia de acceso á alimentación, á auga e ás condicións de saúde, mínimos.



Foto: Fernando Valenzuela

***"Infórmate e informa sobre as causas da pobreza, sinala aos maiores responsables e actúa para atallar o teu impacto no empobrecemento doutras persoas "***

E ti... que podes facer?

As persoas e pobos empobrecidos teñen unha casuística complexa que debemos comprender para darlle solución. Infórmate e informa ás persoas que te rodean sobre as causas e as consecuencias das situacions do empobrecemento. Pula por atallar ou reducir a través da túa actuación o teu impacto sobre o empobrecemento doutras persoas e pobos (consumo responsable,...). Participa nas diferentes campañas, iniciativas e accións que pulan pola súa fin. Actúa en organizacións e colectivos que busquen erradicar este mal endémico dende unha perspectiva de dignidade, xustiza e colaboración, que ao mesmo tempo se afasten da caridade.

# AS COUSAS DO ALCALDÍSMO

O cronista

Miñas donas meus señores  
nunha curiosa cidade  
defende imposibles causas  
este ben curioso alcalde  
  
para gañar uns poucos votos  
por apoios doutros grupos  
un non chega a ser alcalde  
que este cargo ten más truco  
  
hai que traballar arreo  
non mentir ser educado  
falar pouco escoitar máis  
e aprender do teu pasado  
ex-ministro do felipe  
cacique de cuño novo  
un vigués de puente-arenas  
sempre presto para a foto  
  
mal candidato pra xunta  
coa derrota das más grandes  
alcaldísmo alcaldito  
aprendiz de paco vázquez  
  
que modesto o seu partido  
que señor con pouco ego  
ai parece que a alcaldía  
importa más que o concello  
  
miñas donas meus señores  
nunha curiosa cidade  
defende unha cruz franquista  
un ben curioso alcalde



Foto: Contando estrelas

# A SAÚDE DA RÍA

Sergio Regueira

A boa saúde da ría supón nos distintos sectores a xeración de riqueza, postos de traballo e calidade de vida. Os sectores máis sensibles ante os continuos vertidos contaminados son: a pesca en todas as súas variantes, o marisqueo, ou a acuicultura, xeradoras de milleiros de postos de traballo tanto directos como indirectos (mercados, conserveiras, transporte, embarcacións, aparellos de pesca, etc).

O medio ambiente como calidade de vida de todos os cidadáns, do turismo en todas as súas vertentes ou da hostalaría.

***"Para que a boa saúde da ría poida ser unha realidade é preciso que o saneamento da ría sexa total e real"***

Para que a boa saúde da ría poida ser unha realidade é preciso que o saneamento da ría sexa total e real. Día a día, as distintas administracións pretenden nos convencer de que isto xa é unha realidade ou que está próximo a selo. A crúa realidade é substancialmente distinta, ¿por que?...

En teoría, e só en teoría, cada unha das Estacións de Depuración de Augas Residuais (EDAR) coas que contan os distintos concellos serían suficientes para o tratamento e depuración das augas fecais. Serían suficientes si para as augas fecais e pluviais existisen redes de conducción separadas, pero isto non acontece e como consecuencia das choivas, regatos e mananciais, o caudal de entrada nas EDAR multiplicase por 4, 5 ou o que cadre. Esta afirmación pódese contrastar nas saídas

das EDAR ou aliviadoiros dos pozos de bombeo en toda a contorna da ría.



Actualmente, estase a construír a EDAR do Lagares. Unha EDAR de última xeración, din os responsables municipais e da Comunidade Autónoma, ja, ja. Podería ser suficiente si só entrasen na mesma as augas fecais, pero non será así. Poderíamos estar dispostos a aceptar que esta EDAR podería ser suficiente, sendo moderna e coa última tecnoloxía. As augas tratadas reunirían todos os parámetros de augas inocuas, polo tanto, non farían dano na xunqueira do Lagares, non si? Difícil entender entón que se gasten 18.000.000 de euros na instalación dun emisario de 2 metros de diámetro ata o centro da ría e a unha profundidade de 30 metros. Cal é pois o obxectivo desta instalación? Sendo mal pensados, terá a función de trasladar a merda do Lagares ao centro da ría, o que sería de difícil control para o común dos mortais. Así funcionan as cousas e non pasa nada, pero a saúde da ría non será boa."

\* Presidente da Plataforma de Defensa da Ría De Vigo "CIES"

# QUE É O TTIP?

Grupo de Axitación Social

O TTIP (Tratado de comercio e investimentos Unión Europea - Estados Unidos de América) é un acordo de gran alcance que se está a negociar actualmente entre a Comisión Europea e o goberno dos Estados Unidos de América (EUA).

Non se trata de barreiras ao comercio como os aranceis, que xa son en xeral moi baixos entre a UE e EUA. Céntrase sobre todo nos regulamentos, normas, dereitos corporativos e garantías de investimento.

O TTIP ten como obxectivo, supostamente, facilitar o investimento directo e a eliminación de obstáculos burocráticos innecesarios para o acceso ao mercado das empresas de ambos lados do Atlántico.

Os indicios dos que se dispón revelan que o enfoque sobre as barreiras non arancelarias e a converxencia da regulamentación entre ambas partes estase utilizando para impulsar o desregulamento, unha visión dos dereitos de propiedade intelectual que só fomentan monopolios, e unha carreira para igualar dereitos e estándares á baixa. Os supostos beneficios económicos, en caso de ser certos, serían marxinais para a sociedade en xeral.

Máis ben, todo indica que os obxectivos do acordo ameazan importantes dereitos sociais adquiridos polas loitas dos movementos sociais da UE, dos EUA e do resto do mundo.

*"As negociacións do TTIP estanse a facer a porta pechada, nin sequera os parlamentos estatais son informados"*


As negociacións estanse a facer a porta pechada, nin sequera os parlamentos estatais son informados sobre os detalles.

Os fragmentos de información que foron publicados xeren considerable inquietude, estas son as principais preocupacións que provoca:

- A falta de transparencia, o que fai imposible á sociedade seguir as negociacións para garantir que os intereses públicos están a ser protexidos. Actualmente as negociacións están moi viciadas: grupos empresariais teñen acceso privilexiado á información e oportunidades para influír.
- O capítulo proposto sobre protección de investimentos e, en particular, a inclusión dunha disposición sobre o mecanismo de Solución de Diferenzas entre o Estado e o Investidor (ISDS). O ISDS brinda aos inversores dereitos exclusivos para demandar aos Estados cando consideren que algunha lei



## O QUE ESCO



pode ter impactos negativos nas súas ganancias presentes ou futuras. Con iso socávase a legalidade das nacións e a soberanía da sociedade para establecer políticas de interese público.

**"As decisións no marco do TTIP poden ser coaccionadas en segredo por burócratas e grandes lobbies empresariais "**

- A creación de estruturas antidemocráticas de goberno, que permitiría que as decisións no marco do TTIP foxen coaccionadas en segredo por burócratas e grandes lobbies empresariais.

Tamén destaca negativamente que teña como obxectivo fortalecer a protección dos "dereitos de propiedade intelectual", que tal como está formulado, ataca algúns dos nosos dereitos básicos como a saúde, a educación, a cultura e a liberdade de expresión.

Diferentes campañas internacionais están a se oponer ao Tratado, estas son algunas das reivindicacións:

- a) Transparencia inmediata: faranse públicos os textos de negociación

**a ser decidido**



da Comisión, así como todos os documentos de negociación para permitir un debate público aberto e crítico sobre a TTIP e o CETA.


- b) NON ao ISDS: en defensa da soberanía das nosas sociedades e pobos para tomar decisións na defensa e mellora do interese público e do ben común por encima dos intereses privados.
- c) NON ao Consello de Cooperación Regulatoria: toda a regulación das operacións comerciais, as condicións do comercio e o establecemento de estándares de producción deberían estar suxeitos a un control real.
- d) NON ao desregulamento e á rebaixa dos estándares de protección e ao servizo do interese público: o nivel das normas sociais e laborais, dos consumidores e da saúde pública, a protección do medio ambiente, incluíndo a rexeneración dos nosos recursos naturais, o benestar animal, as normas sanitarias dos alimentos e as prácticas agrícolas ambientalmente sostíbeis, o acceso á información e ao etiquetado, á cultura e á medicina, a regulación do mercado financeiro, así como a protección de datos e outros dereitos dixitais que se deben mellorar, e non «harmonizar» até o máis baixo común denominador. O recoñecemento mutuo de estándares non é aceptábel, hai que garantir que se aplica o principio de precaución.
- e) A promoción de prácticas agrícolas sostíbeis co medio ambiente e a protección da pequena agricultura.
- f) As normas laborais e ambientais internacionalmente acordadas deben ser respectadas. A violación continua das normas do traballo debe ser sancionada.

MÁIS INFORMACIÓN NESTAS WEBS:

<http://grupodeaxitacionsocial.blogspot.com.es/>

<http://noaltpip.blogspot.com.es/>

<http://parceriatransatlantica.wordpress.com>



Allen Grinsberg

# novembro

1	2
3	4
5	6
7	Presentación/charla Libro "Marina de Beirute" As 19:30h Quinta da Carminha
8	Festival Harkos II. A partires das 18:00h. Entrada de balde na Quinta da Carminha
9	
10	
11	
12	
13	
14	Oprimido foro' Foro/obradoiro de teatro. Xornadas de formación, plazas limitadas. Quinta da Carminha.
15	
16	
17	
18	
19	
20	
21	
22	Festival Hip Hop alternativo con Perros Norteños obradoiros de grafiteo. Entrada de balde Quinta da Carminha
23	
24	
25	
26	
27	
28	
29	Festival Seis Cordinhas no Teatro ensalle (Venres e sábado ás 22, domingo ás 21). Entrada normal 9, reducida 7.
30	

# REFLEXIÓNS EN NOVEMBRO DO 2014

Juan Pablo Forti

As organizacións sociais levan miles de anos evolucionando, ao meu ver, a cabalo da conciencia colectiva da humanidade. Opino que no continuo humano non se atopan protagonistas dessa historia, acaso referentes. Todas somos participantes. O sistema engloba mesmo aos que están na súa cima, camuflada entre títeres de cores diversas.

Occidente vive un proceso en que os estados perden poder fronte as transnacionais mentres os partidos tradicionais perden credibilidade ante sectores cada vez más amplos. No estado español o descontento cristalizou nun movemento que rapidamente tivo o seu reflexo no panorama electoral. Hoxe "os indignados" puxan con forza pola xestión do 50% do PIB controlado polo gasto público e mais polo acceso ao control da xeración de regras de xogo.



Foto: Ondrej Kloucek

A conquista da Moncloa pode ser unha arma de dobre fío, una trampa, un perigo que debemos afrontar, xuntas, conscientes dos cambios que queremos para estar millor, dándonos tempo para achegarnos

e tomar boas decisións. No camiño do sentido común, seica seremos capaces de repartir o que hai e aproveitar o que temos, deixándonos tempo para disfrutar, sentir e comprender a vida e o noso rol nela, a nosa esencia.

***"Os poderes fácticos son inmunes ao pulo electoral e ás presións sociais. Poden tumbar gobernos trasladando empresas, creando guerras, devaluando monedas ou activos bursátiles."***

Mais, por desgraza, os poderes fácticos son inmunes ao pulo electoral e ás presións sociais. Poden tumbar gobernos trasladando empresas, creando guerras, devaluando monedas ou activos bursátiles. Mais non son inmunes ao consumo e podemos organizarnos. A alimentación, a enerxía, a educación, a sanidade, son áreas nas que xa hai asociacións de produtores e consumidores que escapan á lóxica capitalista.

Hoxe, degustando unha crema de landra e laranxa, uns amigos déronme un tríptico do seu proxecto: Fóra do Linde, produtores ecolóxicos. Aproveitar e valorizar os recursos locais é unha obviedade que non debemos obviar, outro punto de encontro coa realidade e co outro. Pouco a pouco.

Os camiños son moitos, alta é a complexidade deste xogo no que todas temos un papel importante. Os diversos colectivos que se están a nuclear deben atopar o seu lugar para ser funcionais. Poden pasar tantas cousas... Ata pode que os donos do planeta decidan liberarse da súa carga! Sería mellor para eles, mais non se pode contar con iso. Hai que seguir, xuntas.

# CONTRA A GLOBALIZACIÓN ALIMENTARIA

## Utopía foro

Todo o tocante á alimentación preocúpanos (ou debería), xa que todo ser humano debe tomar auga e comida. A alimentación iguálanos a todos no nivel das necesidades. Moito más nun mundo no que suceden evitables mortes por fame e sede mentres no mundo occidental a obesidade, a bulimia ou a anorexia pasan da anécdota ao problema.

Mais, aínda falando primeiro de quen come, que é o que están (estamos) a comer? A química permite crear unha casa de caroxetano coa cor e co sabor que desexemos e cada día aparecen novos problemas relacionados co emprego de antibióticos e pesticidas, cancros, etc. A industria alimentaria bombardea con sabores azucrados de simple dixestión, emprega a mercadotecnia para abrir novos nichos de mercado (como cando unha compañía decide identificar as súas pizzas como "sa comida da avoa"), cambia as dietas históricas segundo criterios económicos (o cambio do aceite de oliva polo de xirasol), consegue que un litro de leite lle saia máis caro ó

consumidor ca un litro de viño (mentres os productores case morren de fame) e que case a metade dos prezos destes veñan dados por un envoltorio, o Tetrabrick, capaz de manter as propiedades do líquido durante uns 500 anos (fabricados en exclusiva a nivel mundial por dúas marcas distintas: TetraBrick e TetraPack). No colmo, as multinacionais desembarcan nos sectores de "calidade", coma os viños de denominación de orixe, para mesturar as uvas buscando o "estándar", a pedra filosofal do mercado.

**"O control dos sistemas alimentarios revélase como unha das maiores necesidades xeoestratégicas da actualidad"**

O control dos sistemas alimentarios revélase como unha das maiores necesidades xeoestratégicas da actualidade. Nun modelo proveniente da época colonial, os grandes monocultivos con vistos á exportación substitúen



Foto: Eneas de Troya

día a día a agricultura de subsistencia. Millóns de persoas viven en exclusiva de produtos coma o café, o cacahuete ou o plátano. Mentre, no mundo occidental a alimentación prodúcese de xeito industrial, en cadea, xerando novos e sorprendentes efectos, que van dende o malestar ético producido por granxas de polos de excesivas similitudes con campos de exterminio, ás críticas ante a calidade de carnes adulteradas, hormonadas e sufridoras de misteriosos efectos liliputienses ao ser botadas na tixola.

Asistimos tamén impertéritos a unha das loitas deste século: o control pola auga. As grandes multinacionais da alimentación desembarcan no mercado da auga embotellada coa vista posta na privatización e na posterior desaparición das redes de abastecemento públicas. Mesmo xa sen recato venden esta mesma auga da billa embotellada a cincocentas veces o seu valor orixinal para o consumidor.

***"O debate sobre os transxénicos é levado polos medios de comunicación ao terreo das cuestións científicas, desviando a cuestión da realidade: a loita pola posesión do planeta"***

O debate sobre os transxénicos é levado polos medios de comunicación ao terreo das cuestións científicas, desviando a cuestión da realidade: a loita pola posesión do planeta. Se ben se pode discutir sobre os riscos e beneficios de, por exemplo, un arroz que necesite de menos auga, a cuestión de fondo é o rexistro como patentes destas melloras, e a súa protección polo sistema nunha escala similar á empregada pola industria farmacéutica. Non hai moito, un campesiño denunciou a multinacional Monsanto por contaminar o seu campo con transxénicos e a xustiza obrigouno a pagarlle á compañía polo emprego de sementes patentadas. Malia que fose contra á súa

vontade. O negocio de cobrar por toda a comida da humanidade é demasiado tentador, o exemplo farmacéutico demasiado evidente, os mecanismos de presión demasiado engraxados.

O terceiro mundo reclama como xustiza que o mundo occidental acabe coas subvencións á súa agricultura e que lle abra as súas fronteiras aos seus produtos. Xa que eles teñen as súas abertas aos nosos produtos, din, nós debemos facer o mesmo. E razón non lles falta, mais, que será dos millóns de agricultores europeos? Nos USA o mercado está dominado polas grandes compañías, mais non é así en Europa. Onde queda a soberanía alimentaria? Como garantir a supervivencia se a alimentación depende de grandes empresas productoras, manufacturadoras, transportadoras, cos seus propios intereses e dinámicas? Como responder a un lock-out, a un peche patronal, a un boicot por razóns políticas, por exemplo? O control sobre o petróleo parecería benévollo fronte a un control deste tipo sobre os fluxos alimenticios.

Quizais o único necesario sería o que os romanos chamaban o menos común dos senso: o senso común. Mais isto é a historia da humanidade, en tantas ocasións empeñada en non usalo..



Foto: Maria\_lc

# Os SPG: SISTEMAS PARTICIPATIVOS DE GARANTÍA

Ánxel Bouzó Fernández

Fronte aos selos "oficiais" de certificación ecológica dos alimentos) xorden os Sistemas Participativos de Garantía, xa en marcha dende hai anos nalgúns países como Brasil, Perú, Uruguai, Nova Zelandia, Chile, Bolivia... Na península en Andalucía e Murcia.

**"Fronte aos selos 'oficiais' de certificación ecológica dos alimentos xorden estas comunidades de produtoras e consumidoras para crear o seu propio selo"**

Os SPGs funcionan a nivel local. Unha comunidade de persoas produtoras, algunas veces tamén conxuntamente coas consumidoras, xúntase co obxectivo de crear o seu propio selo. As condicións de producción que garanten os produtos son establecidas entre todas as partes. Tamén é esa comunidade a encargada de supervisar o cumprimento das mesmas, e pode ter unha importante labor formativa, axudando e informando ás persoas que desexen ser incluídas así como compartindo entre todas coñecementos, sementes e incluso pequena maquinaria ou ferramenta se é o caso. As condicións que garanten o "selo" poderían ser por exemplo: descartar o uso de agroquímicos, o monocultivo, limitar os desprazamentos no transporte, favorecer o uso de sementes locais, evitar maquinaria industrial, empoderar as pequenas producións fronte ás grandes empresas onde o selo ecológico nos envases é so un elemento máis de venta, parte do negocio e da publicidade, e non dunha concepción respectuosa co medio e as persoas. Estes sistemas teñen unha importante pegada no social, xa que precisan

unha organización libre, participativa e implicada das persoas que os integran. Na actualidade para que un produto sexa considerado "ecolóxico" ha de cumplir un regulamento alleo (CE 834/2007), por iso se chama certificación "por terceira parte", so outorgado por organismos "legalmente autorizados", con custe económico e gran esforzo por parte dxs pequenxs produtorxs que non poden competir coas grandes empresas que "fabrican en ecolóxico" a gran escala.

Neste intre estase a crear un SPG en Galicia, abranguería a zona sur da provincia de Pontevedra, áinda que nun futuro podería medrar, ou, o que sería mellor, servir de impulso para que outras comunidades locais, tomen a iniciativa de crear selos propios. O grupo de traballo para o SPG en Galicia comezou hai pouco tempo o seu proxecto, que xa conta con ferramentas dixitais que axudan ao avance creadas dende Galiza Imaxinaria.

Se tes interese en participar no proceso como produtora ou consumidora podes escribir ao seguinte enderezo:

[spg@roldas.saramaganta.info](mailto:spg@roldas.saramaganta.info)



Foto: Son de Bueu

# BERRA, BERRA MARIÑEIRO

Subcamandante Chipirona e a Camarada Laminaria\*

Esta é a historia de catro vellos mariñeiros  
aos que lles roubaron o sustento  
deixándoos sen traballar.

As súas vida ata daquela discorrían ao  
ritmo das mareas, seguindo o camiño das  
correntes, empuxados polo constante  
vaivén das ondas con sabor a sal.

O seu pan de cada dia proviña da arte  
da pesca e a lombos dunha vella xeiteira  
a mar foi tan coñecida por eles como a  
propia palma da man.

Ao carón das mulleres tecían redes,  
remolcaban o rastro, arrastraban bous  
e levantaban xeitos, pero sempre  
preocupándose en que aos seus netos lles  
quedaran xoubas para a comida de mañá.  
Ata que un día chegou un home de terra,  
falando con palabras extrañas, entendibles  
só para él e os da súa calaña. E por medio  
dun papel, ao que lle deu o nome de  
decreto, rouboulle a sua tradición co  
falso conto da protección, prohibíndolle  
por sempre xamais saír a faenar.

Os vellos non podían crer que alguén  
disfrazado de garabata lles falase da mar,  
metendo nun mesmo saco a súa pequena  
xeiteira, que pouco dano facía, cun barco

xigante dedicado a esquilmar.

Os vellos fondearon en terra e a xeiteira  
non volveu saír navegar. Agora so apañaba  
algas e ferruxe, mentres que os pratos na  
mesa non servían máis que para adornar.

A lonxa rematou pechando as súas portas  
e as pobres das xoubas, desafiuadas,  
convertéronse en alimento de estraños en  
costas onde nin se lles coñece como tal.

Agora no pobo xa non se escucha a canción  
da Rianxeira, senón pancartas que berran:  
"Levamos un mes amarrados / ai Rianxo,  
Rianxo, Páxaro Pinto / a ganancia do xeito  
xa se vai indo / xa se vai indo, Rianxo, xa se  
marchou/ o goberno central nos amarrou"

Mentres os homes de garabata se enredan  
en falar sen dicir nada, imponiendo  
costumes que só benefician os seus petos,  
é o momento de que a xente da mar se  
faga escutar, e de que nós, a xente de  
terra, acompañemos a súa voz con hábitos  
para encher o bandullo de traballos  
honrados, accións sustentables e soldos  
dignos.

\*Integrantes do FBFLM (Frente Bravo de  
Fanecas pola Liberdade da Mar).

